O MENSAXEIRO LUDICOL

Nº 19

COLEXIO LUDY
DECEMBRO 2023

Moi boas meus pícaros:

Antonte fun de visita ao noso cole.
Cando me abriron a porta, xa se podía sentir o rebulir duns picariños inquedos, uns picariños atarefados e ben acompañados polos seus mestres.

A curiosidade levoume a percorrer os corredores. Escoitei cantar e, aló fun; escoitei nenos lendo e dicindo palabras encadeadas nun xogo plantexado nunha pizarra xigante. Miña madriña, que pizarra! Tamén atopei aos meus amigos xogando ou lendo na biblioteca onde os libros abrían as ás para mostrar os saberes que gardan no seu corazón. Alí unha pícara lía “O merlo de ferro”.

No meu percorrido polo noso cole, atopeime cun equipo de Pitufos que marchaban como si dun tren entrando na estación se tratara. Xa vos imaxinades a festa que alí montamos.

Estaba moi ledo de voltar polos corredores daquel Colexio que todos queremos como a nosa casa pero, despois de recoller todo o que os mestres e as mestras me ensinaron, tocaba poñer en funcionamento o GPS e marchar. Cara a onde? Pois, a verdade, estaba en dúbidas, mais o primeiro que fixen foi quedar a dar unha volta polas beirarrúas do Cole e seguir alimentándome dese espírito bulideiro dos meus pícaros.

Agora si, tocaba marchar e voltar cos vosos traballos ben empaquetadiños para que poidades presumir deles.

Permitídeme desexarvos que pasedes un Bo Nadal e darlle as grazas aos mestres polo seu traballo.

Apertas a mares meus picariños

O Mensaxeiro

ÍNDICE

Escola Infantil Ludy 4
Educación Infantil, 3 anos 6
Educación Infantil, 4 anos 8
Educación Infantil, 5 anos 12
Excursión pola nosa cidade 14
1º de Educación Primaria 16
2º de Educación Primaria 18
Visita a Caldoval 20
3º de Educación Primaria 22
4º de Educación Primaria 24
Excursión á Casa das Ciencias 26
Charla sobre o TEA 28
Charla sobre ciberseguridade 30
6º de Ed. Primaria (diversidade funcional) 32
Polos Creativos 34
Postais LED 36
Visita a Navantia 38
Ao fío 42
Samaín 44
Vendima 46
Magosto 48
25 N 50
Nadal 52

Escola Infantil Ludy

DESDE A ESCOLA INFANTIL...

Xa estamos en decembro!!
Aínda non o podemos crer, o trimestre a piques de rematar!!!

Nestes meses os nosos nenos/as adaptáronse pouco a pouco, sendo a escola un brazo máis da súa familia. Non podemos estar máis fachendosas dos nosos nenos/as.

Pode ser... que non o saibades... pero os nosos nenos e nenas da Escola Infantil Ludy son os máis fermosos, listos e simpáticos do mundo, mundial!!!

Neste trimestre coñeceron de preto o outono. Experimentaron con diferentes materiais e texturas.
E como non ía ser todo traballar, tamén argallamos festas e fómonos de celebración do Samaín, do Magosto e da Vendima.

Agora toca preparar o Nadal e agardamos a visita do Apalpador e os Reis Magos.

A Escola Infantil Ludy, deséxavos Bo Nadal!!

Educación Infantil, 3 anos

A mesa de luz

Na nosa clase de 3 anos dispoñemos dun recuncho moi especial que é o da nosa mesa de luz.

A mesa de luz é un material sensorial inspirado no enfoque Reggio Emilia que nos ofrece moitos beneficios: estimula a curiosidade e a aprendizaxe, xa que o efecto de luces e sombras das mesas de luz resulta moi atractivo para os pequenos e esperta o seu interese con facilidade. Potencia a creatividade, a concentración e axúdanos a traballar a sicomotricidade fina.

É un recurso moi aproveitable. Todas as áreas e contidos do currículo de Educación Infantil teñen cabida: lecto escritura, Matemáticas, Ciencias, experimentación, trasvases, mini mundos...

Aprender xogando na nosa mesa de luz é unha sorte!!

COLEXIO LUDI

COLEXIO LUDI

Educación Infantil, 4 anos

A IMPORTANCIA DOS CONTOS NA EDUCACIÓN INFANTIL

A literatura e os contos forman parte do mundo dos pequenos e pequenas desde o seu nacemento e por iso, no colexio Ludy, encántanos comezar a usalos desde as idades máis temperás e así aproveitar os seus numerosos beneficios á mesma vez que disfrutamos con eles.
A Literatura infantil envolve todas as manifestacións ou actividades que teñen como base a palabra escrita ou oral, que cunha finalidade artística ou lúdica interesa ao neno/a. Concretamente, os contos son narracións breves e sinxelas que relatan andanzas inventadas, normalmente inxeniosas, a maioria das veces cun obxectivo moral.

No noso colexio, Ludy, cremos que os contos forman un recurso fundamental para axudar aos nenos e nenas de Educación Infantil.

Podemos dicir que, ao través dos contos axudamos aos nenos/as a coñecer e organizar a súa realidade e o mundo, a desenvolver a linguaxe, a satisfacer as súas necesidades coginitvo-afectivas, a achegarse a un uso culto da linguaxe, a favorecer a imaxinación e a fantasía, a estimular a súa memoria, a desenvolver numerosas actividades de aprendizaxe, a favorecer a concentración e a escoita e a estimular a participación e a socialización.

Por outra banda, á hora de seleccionar os contos no cole, temos en conta diferentes variables como son: a idade dos nenos e nenas, xa que dependendo do seu momento de desenvolvemento interésanlles diferentes tipos de contos; os intereses a as súas motivacións, por iso utilizámolos en momentos clave como son as festas e conmemoracións do centro; os obxectivos didácticos que desexamos, xa que os contos tamén nos exudan a desenrolar os contidos curriculares e o contido ético e moral, que como xa se comentou, resultan un recurso ideal para introducir os valores morais.

Podemos dicir que ainda que o conto pareza que está relacionado unicamente coas destrezas lingüísticas, tamén podemos estimular moitas máis capacidades como as cognitivas, expresivas, artísticas e corporais.

Para rematar este artículo nomearemos un espazo moi importante co que contamos no Colexio, a Biblioteca. Este espazo contribúe a todos estes procesos de desenvolvemento dos nenos e nenas que se nomean, por iso no noso cole tratamos de que non sexa só un espazo lúdico ao que imos cando non traballamos, senón que o convertimos nun espazo con identidade propia, acolledor, agradable e accesible no cal os pequenos/as pásano ben mentres desenrolan as súas capacidades.

Educación Infantil, 5 anos

Proxecto Pablo Picasso

Este trimestre, na aula de Educación Infantil, 5 anos, estivemos a traballar a figura de Picasso e as súas obras.
Este proxecto deu lugar a moito tempo de experimentación: cores contrastadas, pinceis e acuarelas, formas, caricaturas...
Aprendimos o percorrido artístico do artista e coñecimos moitos cadros interesantes,, sobre todo moitas técnicas descoñecidas ata este momento.
Ademais de pintar, tamén fixemos cerámica e usamos o torno. Vaia experiencia!!
Cos nosos traballos presentamos unha exposición con algunhas das obras de arte.
O resultado foi de artistas. Aquilo era a nosa arte.
A arte desenvolve a creatividade dos nenos e nenas e é por iso que nas aulas de Infantil sempre facemos algún proxecto para axudar a que desenrolen esa creatividade e gañen en autoestima!

PICASSO

Educación Infantil visita a cidade

Este trimestre Educación Infantil saíu de excursión para recoñecer o centro de Ferrol, a nosa cidade.

Despois de dar unha pasada polo centro da cidade, dirixímonos ao Ateneo Ferrolán onde puidemos ver unha exposición da pintora Coti Fojo. Uns cadros preciosos inspirados nos trazos e formas de Picasso, artista que estabamos vendo no noso proxecto de aula.

Seguindo co percorrido polas rúas e prazas principais e, como non podería ser doutra maneira, achegámonos á Praza de Amboaxe. Alí merendamos e xogamos no parque infantil.
Foi unha xornada moi fermosa para aprender e disfrutar da nosa cidade.

O tempo? Axudounos que xa non é moito pedir!!



1º de Educación Primaria

VIDE CONNOSCO CONTAR UN CONTO

Este primeiro trimestre na aula de 1º de Educación Primaria grabamos un conto entre toda a clase.
Explícovos como o fixemos:
Foi na clase de Lingua Castelá, entre varias palabras, que fomos dicindo ao chou, eliximos, por votación tres, que foron "bosque, chave e casa".
Decidimos unha orde na clase e fixemos unha ringleira. De primeira estaba a profe que tiña unha grabadora na man. Ela comezou o conto e todos e todas, seguindo a orde que tíñamos, continuamos completándoo, lembrando que as tres palabras escollidas tiñan que saír e que o conto tiña que ter un principio, un desenrolo e un remate.
Decidimos que, quedara como quedara, fariamos só unha grabación, polo que practicamos varias veces antes. Quedou moi ben e encántanos escoitar a nosa voz cada vez que a profe o pon.
Ides poder escoitalo, porque vai ser publicado no Facebook e no Instagram do Cole. Esperamos que vos guste, nós pasámolo en grande grabándoo.

2º de Educación Primaria

UNHA HISTORIA DE NADAL

Carla espertou sobresaltada. Esa noite tivera moitos pesadelos e, ao non poder durmir, ergueuse da cama. Escoitaba ruídos fóra da casa, ruídos que non identificaba. E aló foi, en pixama, marchou investigar pola fraga. Atravesou o escuro e misterioso grupo de árbores que estaban arredor da súa casa, até que a escuridade tornou en luz. Xa non había máis árbores, todo era branco, frío e moi distante. Un terreo cha que semellaba as historias e contos do Polo Norte.
No seu país, Brasil, Carla nunca vira a neve pero si escoitara falar dela e tiña varios libros con fotos do Polo Norte. Foi nese momento cando se deu conta do frío que facía naquel lugar e o seu pixama non chegaba para abrigarse. Naquel ambiente de frío polar chegou unha brisa cálida e luminosa que parou diante dela. Aquilo non era normal. De súpeto, da neve, xurdiu unha criatura parecida aos renos dos contos do Nadal, tamén co nariz avermellado..
– Ola Carla, que fas esperta a estas horas? – preguntou o reno–.
– Escoitei un ruído na miña cama, espertei e quería saber o que era – respondeu Carla–.
– O ruído era de algo terrible. Ves esas máquinas de alí? Levan toda a noite cortando a túa fraga.
Isto non é o Polo Norte, é o que quedou da túa fraga. – explicou o reno–.
Carla non podía dar creto ao que oía. Así era e xa non era un manto branco, era o que imaxinara medio durmida, mais alí non estaba o Polo Norte.
– Carla, queres vir ao Polo Norte de verdade? – preguntou o reno –
– Siiiiiiii! Claro que si!
Nun abrir e pechar de ollos, os dous apareceron nun Polo Norte de verdade, con neve, xeo, frío e outros renos parecidos ao compañeiro de Carla.

Todos os renos se xuntaron arredor de Carla e o seu coñecido, o do nariz avermellado, preguntoulle:
– Carla, que che gustaría como desexo para este Nadal?
Despois de moito pensar, de moitas cousas que desexaba, decidiu pedir volver á súa casa pero con toda a fraga recuperada e sen máquinas que a destruíran.

Así foi, Carla espertou, agora de verdade, na súa cama. O primeiro que fixo foi ir correndo á ventá ver como estaba a súa fraga.

E … efectivamente, alí estaba todo como sempre, antes do mal soño.

STOP
O BOSQUE

1º e 2º de Educación Primaria visitan o Centro de Interpretación do Caldoval



O venres, 1 de decembro, o alumnado de 1º e 2º de Primaria realizamos unha saída á Vila de Mugardos, máis en concreto ao Centro de Interpretación do Caldoval, que pon en valor o xacemento romano descuberto na enseada de Santa Lucía. Trátase dos únicos baños privados con palestra descubertos en todo o noroeste peninsular. Un complexo dedicado á hixiene, á saúde, o ocio e a práctica deportiva.

Fixemos unha visita guiada onde descubrimos como vivían e se coidaban @s habitantes da Galicia romana. Coñecemos como funcionaban os baños, cal era o uso e características de cada unha das estancias do circuíto termal, as vestimentas que levaban os bañistas, que facían nos seus momentos de ocio, os deportes que practicaban, os xogos de mesa e azar máis populares...Despois fixemos un taller de pintura onde pintamos murais para adornar as paredes dos baños, como facían os romanos. Quedáronnos ben fermosos e ademais pasámolo moi ben.

COLEXIO

XACEMENTO DO CALDOVAL
PLANO INTERACTIVO

3º de Educación Primaria

OS ANIMAIS VERTEBRADOS

Ola rapaces e rapazas!
Aquí estamos outra vez para contarvos o que imos facendo polo Cole.
Este trimestre tocou estudar os animais e, para entender mellor as características dos vertebrados e a súa clasificación, fixemos un mural moi bonitiño con todos os tipos de animais vertebrados que existen.
Primeiro, repartimos o traballo en cinco grupos, un por cada tipo de vertebrados. Logo cada grupo encargouse de recoller fotografías e información de anfibios, réptiles, peixes, mamíferos e aves. Para rematar, pegamos todas as imaxes no apartado correspondente e escribimos as principais características de cada grupo.
Aprendimos moito facendo este mural e quedou chulísimo!!
Aquí podedes ver o resultado!

OS VERTEBRADOS
PEIXES

AVES
ANFIBIOS





4º de Educación Primaria

O CIRCO DAS BOLBORETAS

O pasado 3 de decembro celebrouse o Día Mundial da Diversidade Funcional e por ese motivo puidemos ver o asombroso mundo de "O Circo das Bolboretas"

Un mundo onde o diferente era tratado con burla e mostraba persoas con discapacidade. Desde o chamado circo dos horrores xorde, un día, un circo especial: O Circo das Bolboretas.
Un día o seu xerente visitou, por casualidade, un destes espectáculos onde atopou a Will, un home sen brazos nin pernas que aparecía detrás dun biombo para asombro dos visitantes.
O empresario proponlle a Will unirse ao seu circo. Will rexéitao anoxado pensando que se trataba doutro home máis disposto a gañar cartos amosando a súa discapacidade ao mundo. Decide fuxir e buscar outro lugar máis axeitado.
Naquela nova aventura ve como persoas con diversidade funcional realizan accións incribles: acrobacias, bailes...
Coa axuda dos seus novos amigos descubre que é un gran nadador e mostra as súas habilidades nun novo espectáculo no que participa.
Esta curtametraxe, "O Circo das Bolboretas", mostra que a verdadeira fermosura está na diversidade. Cada un de nós ten algo único que ofrecer ao mundo. Ademais, lémbranos que a amizade é aceptar aos demais que son fundamentais para construír un mundo mellor.
Así que, se algunha vez te notas diferente ou especial, lembra a historia de Will e o circo das bolboretas.
Todos somos como bolboretas únicas que poden ter luz propia e voar alto no circo da vida!



"CANTO MAIOR È A LOITA, MAIOR È O TRIUNFO"

3º e 4º de Educación Primaria imos ao mundo da ciencia, un mundo marabilloso.

Os alumnos de 3º e 4º de Educación Primaria visitaron a Casa das Ciencias da Coruña. Un museo cultural de carácter científico situado no Parque de Santa Margarida.
No seu interior os nenos pasárono xenial experimentando todas as propostas que había. E como non podía ser doutra maneira, no mundo da ciencia, manipulando todo canto se lles propoñía.
Unha forma moi divertida de aprender e espertar a curiosidade polo engaiolante mundo da ciencia.
Aínda que lles gustou todo moitísimo, onde máis disfrutaron foi na sa que se atopa no terceiro andar. Alí puideron ver unha exposición sobre astronomía e astronáutica.
Aquilo era abraiante!!
Que fermoso é entrar no mundo da ciencia!!

Charla para 5º e 6º de Educación Primaria

ASPANAES: O AUTISMO

Nun esforzo por fomentar a comprensión e empatía na Comunidade Educativa, os estudantes de 5º e 6º foron testemuñas dunha charla ofrecida pola organización Aspanaes sobre o autismo. As representantes de Aspanaes, expertas no eido do espectro autista, dirixíronse aos estudantes con claridade e proximidade .

A presentación non só lanzou luz sobre os aspectos fundamentais do autismo, senón que tamén derrubou mitos que rodean este trastorno. Ao través de narracións persoais, os representantes de Aspanaes compartiron experiencias que ilustraron a diversidade do espectro autista, destacando a singularidade de cada individuo afectado.

Os estudantes, tiveron a oportunidade de comprender mellor os desafíos que enfrontan os seus compañeiros con autismo e como poden contribuír a crear unha contorna máis inclusiva.

Un dos momentos máis impactantes foi a explicación das fortalezas asociadas ao autismo. Resaltáronse habilidades excepcionais en áreas como a atención ao detalle, a memoria e a creatividade.
Os estudantes foron alentados a apreciar as diferenzas e recoñecer o valor único que cada persoa achega á comunidade. A sesión tamén abordou estratexias prácticas para fomentar a inclusión.
Proporcionáronse ferramentas simples pero efectivas que os estudantes poderían implementar no seu día a día para apoiar aos seus compañeiros con autismo, creando así un ambiente escolar máis comprensivo e solidario.
A charla concluíu cunha sesión interactiva de preguntas e respostas

Moitos alumnos e alumnas compartiron as súas propias reflexións, destacando o impacto positivo que a charla tivo na súa percepción do autismo e na súa disposición para crear unha contorna inclusiva.

Charla para 5º e 6º de Educación Primaria

Policía Nacional:
Plan Director. Ciberseguridade

Nun esforzo por ofrecer aos estudantes coñecementos esenciais para os tempos dixitais,, a Policía Nacional dirixiu unha charla aos alumnos de 5º e 6º de Primaria, tendo como obxectivo o uso responsable da internet e as redes sociais.

A charla non só serviu como un recordatorio da importancia da seguridade en liña, senón que tamén ofreceu aos estudantes ferramentas prácticas para navegar polo mundo dixital de maneira consciente e responsable.
O axente especializado da Policía Nacional compartiu información valiosa sobre a necesidade de protexer a privacidade en liña e ser conscientes das posibles ameazas. Os estudantes recibiron orientación sobre como crear contrasinais seguros, recoñecer posibles riscos e reportar calquera actividade sospeitosa, fortalecendo así as súas habilidades para navegar no ciberespazo de maneira segura.

O enfoque principal da charla foi a conciencia sobre o respecto e a empatía en liña. Os estudantes foron alentados a considerar o impacto das súas accións na internet e a comprender que as interaccións dixitais teñen consecuencias no mundo real. A importancia de tratar aos demais en liña co mesmo respecto que se espera fóra da pantalla propúxose como un principio fundamental.
A sesión tamén abordou o tema das redes sociais, explorando como utilizar estas plataformas de maneira positiva e construtiva. Os estudantes recibiron pautas sobre a importancia de compartir información de maneira reflexiva e de ser conscientes da autenticidade das fontes en liña.
A interactividade foi clave durante a charla, xa que os estudantes tiveron a oportunidade de expor preguntas e participar en diálogos abertos co axente da Policía Nacional.

6º de Educación Primaria

O INMENSO MUNDO DA DIVERSIDADE FUNCIONAL

Aproveitando o Día Internacional das Persoas con Diversidade Funcional que se celebra cada 3 de decembro, os nenos e nenas de 6º de Primaria plantexaron varios traballos en grupo onde investigaron sobre distintas persoas referentes nos seus ámbitos malia as dificultades que atoparon no camiño.

O obxectivo era centrarse nas capacidades destas persoas, eliminando as pegadas de negatividade que implica o termo discapacidade. Bethany Hamilton, Stephen Hawking, Marcelo Lusardi, Pablo Pineda, Desirée Vila ou o propio Bill Gates ensínannos que todos temos unha serie de fortalezas que podemos potenciar para superar as nosas debilidades para podermos ter éxito na vida.

A diversidade ben sexa motriz, sensorial ou intelectual, fainos ver o mundo desde unha perspectiva máis ampla e así, as alumnas e alumnos afondaron no respecto ás diferenzas e na procura do desenvolvemento persoal.

Cada presentación xerou un pequeno debate onde reflexionamos sobre a nosa perspectiva do tema e a mellor maneira de abordalo.



BETHANY
HAMILTON


PABLO FINEIRA

TRANSFORMACIÓN EDUCATIVA

Introdución dos Polos Creativos

Nun emocionante capítulo de innovación educativa, o noso Colexio dá a benvida a unha revolucionaria iniciativa: a introdución dos Polos Creativos.

Estes espazos dinámicos e multifuncionais serán coidadosamente integrados na nosa contorna educativa co obxectivo de guiar a creatividade e a colaboración entre os nosos estudantes. A visión, detrás dos Polos Creativos, é simple: transformar a forma en que os nosos estudantes aprenden, interactúan e se enfrontan aos desafíos do século XXI. Estes espazos non son sinxelas aulas redeseñadas, senón incubadoras de ideas que buscan fomentar a orixinalidade e o pensamento innovador.

Equipados con tecnoloxía de vangarda e deseñados para adaptarse a diversas modalidades de aprendizaxe, os Polos Creativos reflicten o noso compromiso cunha educación centrada no estudante. Buscamos impulsar o proceso educativo máis aló das limitacións tradicionais, alentando aos nosos estudantes para explorar, cuestionar e crear nunha contorna que valora a diversidade de enfoques e solucións.





Coa introdución dos Polos Creativos, crearase un espazo onde os docentes poden inspirar e poñer en valor aos estudantes para que asuman un papel activo no seu propio proceso de aprendizaxe.

A visión do Colexio non se limita só á creatividade individual, senón que tamén abrangue a promoción da colaboración. Cremos que a resolución de problemas complexos e a creación de solucións innovadoras, a miúdo, xorden da interacción entre mentes diversas. Os Polos Creativos converteranse en lugares de encontro onde as ideas converxen e se desenvolven ao través do diálogo e a colaboración.

En resumo, a visión do noso Colexio coa introdución dos Polos Creativos é unha aposta pola transformación educativa. Estamos comprometidos coa creación dun ambiente que alimente a curiosidade, celebra a diversidade de pensamento e prepara aos nosos estudantes para ser líderes creativos e resolutivos nun mundo en constante cambio.





XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21-22

POLOS CREATIVOS

ILUMINANDO O NADAL

POSTAIS CON CINTA CONDUTORA E LED (POLOS CREATIVOS)

Os alumnos e alumnas de 6º de Educación Primaria realizaron unha actividade do Nadal que combinou o espírito festivo coa tecnoloxía innovadora.
A tarefa: deseñar postais de Nadal únicas.

Empregando cinta condutora e luces LED, cada estudante mergullouse na tarefa de deseñar unha postal que non só transmitise os tradicionais desexos do Nadal, senón que tamén brillara, literalmente, con luz propia.
A cinta condutora, flexible e condutora de electricidade, converteuse na ferramenta que permitiu aos estudantes trazar circuítos simples nas súas postais.

Os LED, pequenas luces brillantes, convertéronse nas estrelas que iluminarían os seus deseños. Desde renos pestanexantes ata árbores de Nadal. As postais cobraron vida coa incorporación dos elementos eléctricos. Os estudantes non só experimentaron coa disposición dos circuítos e a conexión dos LED, senón que tamén aprenderon sobre os conceptos básicos da electricidade dunha maneira práctica e lúdica.

A actividade non só foi unha oportunidade para explorar a tecnoloxía, senón que tamén desenrolou a expresión artística e a imaxinación.
O futuro chama ao Nadal!!



5º e 6º de Primaria visitan Navantia

Explorando o mundo naval

Os estudantes de 5º e 6º tiveron a oportunidade única de explorar o fascinante mundo da construción naval durante a súa visita ás instalacións de Navantia.
A xornada comezou coa benvida por parte do equipo de Navantia, quen guiou aos estudantes ao través dun percorrido polo miúdo das instalacións. Desde o momento en que puxeron un pé no estaleiro, os mozos mergulláronse nunha contorna repleta de tecnoloxía avanzada e maquinaria impresionante.

Durante o percorrido, a rapazada tivo a oportunidade de ver, de preto, o proceso de construción de barcos, desde o nacemento do deseño ata a fase final de produción. As explicacións dos enxeñeiros e traballadores de Navantia proporcionaron aos estudantes unha comprensión máis profunda dos desafíos e a precisión requiridos nesta industria especializada.

Unha das experiencias máis emocionantes foi a visita aos diques secos, onde os enormes buques estaban en diversas etapas de construción. Ademais da parte técnica, a visita tamén destacou a importancia do traballo en equipo e a colaboración nun proxecto desta magnitude.
Os estudantes tiveron a oportunidade de interactuar con enxeñeiros, deseñadores e outros profesionais, que compartiron as súas experiencias e respostaron ás preguntas curiosas dos mozos visitantes.

A visita non só deixou unha impresión duradeira, senón que tamén espertou o seu interese en carreiras STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas). Moitos expresaron a súa admiración polas diversas disciplinas que se xuntaban na construción naval e comezaron a considerar a posibilidade de explorar futuras vocacións nestes campos.

A visita de 5º e 6º a Navantia foi moito máis que un simple paseo educativo; foi unha experiencia que deixou pegada na mente dos estudantes, inspirándoos a explorar o emocionante mundo da enxeñería naval.
Navantia, á súa vez, abriu as súas portas xenerosamente, compartindo a súa experiencia e coñecemento coas xeracións futuras que poderían, nun futuro, contribuír ao desenvolvemento das xeración vindeiras de barcos innovadores e avanzados.

AO FÍO

Este trimestre, na extraescolar “Ao fío”, aprendemos a facer punto e calceta. Desfrutamos moitísimo e fixemos moitas cousiñas chulas: manoplas sen dedos, gorros, mitóns, estoxos para os bolis, bolsos e ata un “traxe de cola” para unha boneca.

Tamén puxemos o noso grao de area nas decoracións de Samaín, Magosto e Nadal.
O vindeiro trimestre traballaremos con "crochet" e ganchillo.
Unha hora á semana de relax e diversión, mellorando a nosa sicomotricidade fina, deixando voar a nosa imaxinación e dando vida ás nosas ideas.

SAMAÍN

O Samaín é unha das tradicións máis antigas de Galicia.
No colexio Ludy, como cada ano, poñemos todo o noso agarimo e empeño en seguir os camiños das tradicións cos nosos alumn@s ao través de actividades,co obxectivo de que sexan protagonistas activos, desta festa e tradición de orixe celta.

As actividades principais do Samaín:

- Facer disfraces relacionados coa festa.
- Desfile pola rúa.
- A casiña do medo na Biiblioteca.
- Traballo coas cabazas: tallado e decoración.
- Presentación da orixe, lendas e personaxes míticos do Samaín.

As cabazas de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria participaron nunha exposición na que os mestres e mestras poderían opinar sobre cales lles parecían as mellores traballadas e, posteriormente, realizouse a entrega de premios.

Os alumn@s melloran en creatividade e implicación.
Moi bo traballo. Parabéns!
Ata o vindeiro Samaín!

SAMAIN

BOO

A VENDIMA

A vendima é unha das etapas do proceso do viño que consiste na recollida dos acios das vides, cando o froito xa está maduro. Unha vez rematada a recollida carréxanse ata as adegas. Esta tarefa faise entre os meses de agosto e outubro, por iso, unha das nosas celebracións, na procura de manter as nosas tradicións, é a vendima.

Nunha zona do noso patio poñemos as nosas vides, para que a rapazada de Educación Infantil recolla os acios das uvas.

Unha vez recollidos todos os acios, e xa nuns capazos, a xentiña de Educación Primaria, pisa as uvas por quendas, para ir vendo como vai xurdindo o mosto.

Unha vez rematado o proceso e todo o bagazo no bocoi para que comece a fervedura, toda a Comunidade Escolar degusta uns grolos de mosto e, como non podia ser doutra maneira, entoando algunha cantiga.

A celebración da tradición da vendima é toda unha experiencia sensorial para os nosos alumn@s, nela poden, coñecer o proceso de elaboración ben antigo, participando activamente nas actividades.

As lembranzas están presentes. Unha actividade para compartir.

O MAGOSTO

O termo "Magosto" ten a súa orixe no latín "Magnus Ustus", que significa "grande lume", destacando a importancia do lume nas festividades, proporcionando calor e iluminación, símbolo de unidade .

O Magosto é unha celebración .social, arredor da castaña, á que se lle engaden algún que outro produto para degustar preparado ao lume, como pode ser unha boa carne e sempre presente bo viño, moitas veces da colleita do ano

No Magosto sempre están presentes as tradicións e simbolismos, como a creación de "morratadas", bonecos feitos de castañas e paus que representan figuras cómicas.

Aínda que con fondas raíces na nosa historia, o Magosto evolucionou, incluíndo concursos das maneiras de cociñar as castañas, música tradicional, danzas folclóricas e eventos culturais na celebración actual.

No noso Colexio celebramos o Magosto cunha festa na que participan todos os nenos, nenas e mestres. Durante toda a semana, traballouse, nas aulas, a festa do magosto. Un día, celebramos, todos xuntos, a festa arredor das castañas asadas que acompañamos de , leite e galletas, sen esquecer a nosa música e os xogos populares.
Un día coa nosa festa, a de sempre!

25 N

DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Un día moi especial. Celebramos o 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

Un día no que todos nos unimos para dicir "Basta!", á violencia e para lembrar que cada persoa merece ser tratada con respecto e agarimo.

No noso Colexio, pintamos con cores brillantes e mensaxes cheas de amor. Creamos carteis e debuxos para aprender sobre a importancia de coidarnos uns aos outros, sen importar se somos nenas ou nenos.

Lembramos historias de mulleres incribles que cambiaron o mundo coa súa valentía e amor.
Falamos sobre a igualdade, porque sabemos que todos merecemos as mesmas oportunidades, os mesmos dereitos e tamén deberes.
Xuntos, creamos un espazo onde o respecto e o amor son as estrelas que guían o noso camiño.

Hoxe e sempre, traballamos para construír un mundo cheo de ledicia, igualdade e amizade.

Un xesto que
1
é un
2
SOS silencioso
3

25N

O NADAL

Despedimos o trimestre cun dos momentos máis máxicos e cheos de ledicia do ano, sempre cheo de agarimo e lindos desexos: O Nadal.

No cole desfrutamos da visita de Papá Noel e O Apalpador.
É un non parar de personaxes que veñen cargados de ledicia, soños e vida.
Nesta derradeira semana de clase, por este ano, facemos fermosas manualidades nas aulas para decoralas e, como non podía ser doutra maneira, crear, polos corredores, un ambiente propio das datas de Nadal.

O tempo de Nadal tamén chega á nosa máxica Biblioteca onde podemos soñar da man dun contacontos que nos trouxo relatos curtos de Nadal, escritos e narrados por escritores da bisbarra.

Por este tempo, e nas duras condicións que moitas familias están a pasar, non podería faltar o noso grao de area, sempre co noso espírito solidario moi presente. Dentro deste espírito de solidariedade, tentamos levar á Cociña Económica unha chea de vida en forma de alimentos.

Para rematar, desfrutamos do noso tradicional festival de Nadal.

Desde o Cole queremos transmitirvos os nosos mellores desexos e que pasedes un Bo Nadal e que o vindeiro ano, 2024, veña cheo de saúde e obxectivos cumpridos.